

## **RÉXIME DO USO DOS LOCAIS DE ENSAIO DA CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN, DEPORTES E XUVENTUDE**

### Capítulo 1. Locais de ensaio

#### Artigo 1. Obxecto

A presente instrución ten por obxecto establecer as condicións de uso das instalacións e do material dos locais de ensaio da Concellaría de Educación, Deportes e Xuventude.

Os locais de ensaio da Concellaría de Xuventude son un servizo público de titularidade municipal destinados a lles facilitar un espazo para o ensaio musical, de xeito gratuito e en condicións de igualdade, aos mozos e ás mozas da Coruña, solistas ou membros de grupos, que cumpran os criterios establecidos no artigo 3 da presente regulación.

Este espazo para a xuventude está integrado por tres locais de ensaio e por unha sala de control con capacidade para gravar maquetas e ensaios.

### Capítulo 2. Réxime de uso do servizo

#### Artigo 2. Presentación de solicitudes e documentación requirida

Poderán presentar solicitudes para utilizar os locais de ensaio aquelas persoas que, a título individual ou en representación dun colectivo musical, precisen dun local para realizaren os seus ensaios.

As solicitudes, xunto coa documentación anexa que se indica a continuación, deberán entregarse no Centro Municipal de Información Xuvenil ou nas oficinas municipais de Rexistro.

Os modelos de solicitude poden ser descargados no blogue dos locais de ensaio [locaisdensaio.blogspot.com](http://locaisdensaio.blogspot.com), da web [www.coruna.es/nex](http://www.coruna.es/nex) ou recollidos no Centro de Información Xuvenil, nos propios locais de ensaio e nos rexistros oficiais do Concello.

Xunto coa solicitude, haberá que achegar a seguinte documentación:

- volante de empadramento ou resgardo de matrícula do centro educativo de, cando menos, a metade dos/as compoñentes do grupo
- fotocopia do DNI de cada membro do grupo
- permiso paterno/materno, ou do titor ou da titora, para as actividades de ensaio como para as outras actividades propostas polos locais de ensaio (gravación, exhibición e formación), cando os/as participantes sexan menores de idade.
- Fotocopia do DNI da persoa que asine o permiso paterno/materno, ou do titor ou da titora.

Unha vez presentadas as solicitudes e a documentación requirida, unha comisión de valoración composta por tres membros designados para o efecto

pola Concellaría de Xuventude, emitirá un ditame debidamente motivado respecto da autorización, que lles será comunicado ás persoas solicitantes.

Artigo 3. Valoración das solicitudes e criterios de autorización de uso:

a) Os grupos terán dereito a utilizaren o equipamento 12 horas mensuais (3 horas á semana).

b) O equipamento acollerá os grupos do concello da Coruña. Considéranse grupos do concello da Coruña aqueles en que, cando menos a metade dos seus compoñentes, estean empadroados na Coruña ou matriculados nalgún centro educativo do concello da Coruña.

c) Priorizaranse aqueles grupos cuxos compoñentes sexan menores de 30 anos. Porén, os grupos musicais nos cales algún ou algúns dos membros excedan da referida idade terán igualmente a consideración de grupos xuvenís, para os efectos de poderen acceder ao uso dos locais cando polo menos a metade dos seus membros cumpran o requisito da idade.

Semestralmente, renovarase a adxudicación de uso dos locais de ensaio, atendendo aos seguintes criterios:

1.º Formar parte da listaxe de agarda sen posuír a condición de usuario dos locais de ensaio.

2.º Ter feita a solicitude no período de inscrición marcado pola Concellaría de Xuventude para tal fin e cumprir todos os requisitos.

3.º Grupos que, estando como usuarios nos locais de ensaio, volvan presentar a solicitude no período de inscrición e cumpran por esta orde, os seguintes requisitos:

a. Que todos/as os/as compoñentes sexan menores de 30 anos e acaden un 75% na asistencia no período anterior con todos os integrantes do grupo, ou ben o 90% de aproveitamento aínda que faltara algún integrante por ensaio. Ademais, alomenos un integrante do grupo terá asistido a un evento formativo do anterior semestre.

b. Que alomenos dous tercios dos/as compoñentes sexan menores de 30 anos.

c. Os grupos restantes que, cumprindo todos os requisitos, xa participasen como usuarios na anterior quenda de ocupación dos locais, incluídos aqueles grupos que foran apercibidos por un leve mal uso do servizo, ou tiveran un índice de asistencia insuficiente.

En caso de exceder a demanda á oferta, realizaríase un sorteo entre os grupos que formasen parte dos locais na quenda anterior.

Antes do comezo de cada quenda semestral axendarase unha xuntanza con todos os grupos inscritos co fin de asignar os horarios de ensaio, segundo os criterios anteriormente expostos, citando a todos os integrantes dos grupos inscritos mediante e-mail.

e) A comisión de valoración entregalle á persoa solicitante un documento de autorización do uso das instalacións indicadas. Neste, figurará o nome da persoa solicitante, o seu número de documento de identidade, o nome do grupo, a relación de membros que compoñen o grupo, os días e as horas en

que está autorizado a utilizar os locais e a sala que debe empregar. Esta autorización estará ao dispor do grupo no mesmo local de ensaio. Calquera baixa ou alta dalgún dos compoñentes do grupo terá que lle ser comunicada á persoa responsábel do equipamento.

#### Artigo 4. Acceso ás instalacións

- a) Para ter acceso ás instalacións no horario establecido, o/a representante do grupo deberá ter dispoñíbel o documento de autorización ao que se refire o apartado e) do artigo anterior e dirixirse á persoa responsábel do local neste momento, co fin de rexistrar a súa entrada.
- b) A primeira visita ás instalacións será realizada coa supervisión de técnicos/persoal responsábel do Concello, co obxecto de facilitar o acceso ás instalacións.
- c) Antes do inicio de cada sesión de ensaio, comprobarase o estado do local e do material, e notificaráselle calquera desperfecto ou incidencia ao persoal responsábel deste, mediante un parte de incidencias de obrigado cumprimento.

#### Artigo 5. Horario

O horario de uso dos locais será o seguinte:

luns e mércores, de 16:00 a 22:00 horas

martes, xoves, venres, sábados, e domingos, de 11:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 22:00 horas

O uso dos locais de ensaio está supeditado á non coincidencia de eventos no recinto do Coliséum que puideren ser considerados incompatíbeis coa súa utilización. Esta continxencia será notificada, sempre que sexa posíbel, cun mínimo de 5 días de antelación.

O horario establecido terase que respectar e deberase axustar ás franxas horarias reservadas para cada usuario/a. As persoas usuarias deberán ser puntuais á hora de finalizaren o ensaio.

O horario fixado para o ensaio incluírá o tempo de montaxe e desmontaxe dos instrumentos.

#### Artigo 6. Equipamento dos locais de ensaio

Os/as usuarios/as poderanse servir do equipamento sonoro e *backline* dos locais (batería, amplificador de baixo, amplificador de guitarra, equipo de micros...) mais, na marxe de tempo de que dispoñen, poderán traer os instrumentos e *backline* que consideren necesarios para o ensaio.

#### Artigo 7. Equipamento de gravación e sala de control

Os locais de ensaio están habilitados para facer gravacións de maquetas neles e o equipamento de gravación está habilitado na sala de control.

Haberá unha persoa con coñecementos de son e sóftware informático especializado para realizar tarefas técnicas nestas gravacións mais as bandas poderán contar cun técnico ou técnica propios, logo dunha autorización previa das persoas responsábeis do espazo.

As sesións de gravación estarán supeditadas ás posibilidades horarias e serán propostas e acometidas por decisión das persoas responsábeis do espazo, que se encargarán de lle comunicaren os correspondentes procedementos ás bandas.

As sesións de gravación dos Locais de Ensaio son unha axuda aos grupos usuarios para comezar a difundir as súas propostas musicais orixinais. Para iso, cédese tanto o material técnico como humano dispoñíbel nos locais para tal fin. A cancelación unilateral da sesión por parte do grupo, cun aviso inferior a 4 días sobre a data axendada e sen unha xustificación válida, así como deixar un tema incompleto, conlevará a imposibilidade de uso do estudio por parte de todos os compoñentes do grupo nun futuro, ao imposibilitar a ocupación do espazo para ensaios para esa tarde e imposibilitar o transcurso normal da listaxe de agarda para gravacións.

#### Artigo 8. Obrigas dos/as usuarios/as dos locais

O/a usuario/a posúe as seguintes obrigas:

a) Respetar os horarios e os locais asignados, así como o persoal responsábel destes e os/as compañeiros/as de actividade.

Non caben actitudes, comportamentos nin actividades contrarias aos dereitos humanos ou que supoñan unha discriminación por razóns do grupo humano, sexo, lingua, cultura, relixión, ideoloxía, condición social ou persoal.

b) Cubrirase o parte de asistencia. Caso de non utilizar o local en tres ocasións consecutivas mensuais ou en seis trimestrais, sen xustificación, serán dados de baixa do uso deste equipamento.

c) Só poderán acceder ás instalacións as persoas autorizadas e os membros do grupo. Queda prohibido o acceso ás instalacións por parte de persoas alleas. Só se poderán acceder en casos puntuais mais sempre logo de seren autorizadas pola Concellaría de Xuventude ou polas persoas delegadas.

d) Non se pode trasladar material dunha sala a outra nin almacenar materiais.

e) Unha vez rematado o ensaio, o local e o material deben quedar recollidos para seren utilizados polo seguinte grupo. Extremarase o coidado na manipulación do material e dos cables.

f) Caso de se producir danos por negligencia ou mala fe, o grupo de que se trata, a través do seu representante, deberá repor integramente o danado ou aboar o importe íntegro da súa reposición.

g) Cada solicitante é responsábel da limpeza básica das instalacións que se lle autorice usar e deberá deixar o local nas mesmas condicións en que estaba á súa chegada.

h) Para asegurar o respecto de todos os grupos e usuarios/as, así como a seguridade e a hixiene, non se permite fumar, consumir bebidas alcohólicas nin comer nos locais.

i) Co fin de preservar, tanto o equipamento dispoñíbel como a saúde auditiva dos usuarios e usuarias, límitase o nivel de presión sonora a 110 dB SPL, dispoñendo dun sonómetro calibrado para facer as medicións por parte do persoal. En todo caso, recomendamos o uso de atenuadores auditivos (tapóns)

como xeito de prevención sensorial, e non tocar os instrumentos entre unha canción e outra, co fin de descansar o ouvido.

### Capítulo 3. Control

#### Artigo 9. Seguimento do funcionamento do servizo

A Concellaría de Xuventude fará un seguimento de cada grupo musical usuario do servizo para valorar o seu aproveitamento.

Tamén se realizarán xuntanzas entre os grupos musicais e a Concellaría, co fin de tratar temas de organización e coordinación, así como propor actividades de difusión e promoción dos grupos.

#### Artigo 10. Cumprimento da instrución

A presente instrución é de obrigado cumprimento para todas as persoas usuarias do servizo dos locais de ensaio.

O incumprimento ou a infracción dos preceptos establecidos nesta regulación, a reserva doutras medidas pertinentes, poderá implicar a perda do dereito ao uso e desfrute das instalacións e materiais indicados nos artigos anteriores durante un período dun ano, sen prexuízo das responsabilidades a que dea lugar a normativa vixente.

Aquelas situacións que non estean expresamente recollidas na regulación serán solucionadas polo persoal do equipamento, que seguirá as indicacións da Concellaría de Xuventude, á que lle corresponde a interpretación da presente normativa.

A Concellaría de Xuventude resérvase o dereito de admisión para os casos en que non se cumpran os requisitos que garantan o uso correcto das instalación, logo da tramitación do procedemento preceptivo.

Disposición final primeira. Aprobación do modelo de solicitude